

**FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE
GALICIA (FUNDACIÓN CESGA)****PREGO DE CONDICIÓN QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN, POLO
PROCEDIMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA
PARA O EDIFICIO CESGA.**

ÍNDICE:

- 1.-ÁMBITO DO PREGO E PERFIL DO CONTRATANTE.
- 2.-CONDICIÓNS TÉCNICAS DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O EDIFICIO CESGA.
 - 2.1.- Antecedentes: condicións xerais do subministro.
 - 2.1.1.- Obxecto e necesidades a satisfacer.
 - 2.1.2.- Condicións técnicas do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA.
 - 2.2.- Volume de contratación e características do punto de subministro.
 - 2.3.- Estimación de consumo.
 - 2.4.- Equipos de medida.
 - 2.4.1.- Instalación, Mantemento e Verificación.
 - 2.4.2.- Lectura de consumo e Facturación.
 - 2.4.3.- Autocontrol e Inspección.
- 3.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E MESA DE CONTRATACIÓN.
- 4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.
- 5.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DE ADXUDICACIÓN. FORMA DE PAGO DO PREZO.
 - 5.1.- Orzamento de licitación e prezo de adxudicación.
 - 5.2.- Forma de pago do prezo de adxudicación.
- 6.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN.
- 7.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN.
- 8.-PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E DOCUMENTOS A PRESENTAR.
 - 8.1.- Presentación das propostas: lugar e prazo de presentación.
 - 8.2.- Documentos a presentar.
 - 8.2.1.- Sobre A: Documentación Xeral.
 - 8.2.2.- Sobre B: Documentación relativa aos criterios NON avaliados de forma automática.

8.2.3.- Sobre C: Documentación relativa ao criterio avaliable de forma automática.

9.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES.

10.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

10.1.- Adxudicación provisional.

10.2.- Adxudicación definitiva.

10.3.- Devolución da documentación.

10.4.- Formalización do contrato.

11.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

12.- CONTROL E DIRECCIÓN DOS TRABALLOS: RESPONSABLE DO CONTRATO.

13.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

13.1.- Execución do contrato.

13.2.- Penalidades.

14.- CESIÓN DO CONTRATO.

15.- SUBCONTRATACIÓN.

16.- RECEPCIÓN DO CONTRATO.

17.- PRAZO DE GARANTÍA.

18.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

18.1.- Cumprimento.

18.2.- Resolución.

19.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

ANEXO II MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

ANEXO III MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

ANEXO IV INFORMACIÓN HISTÓRICA CONSUMOS.

PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O EDIFICIO CESGA.

1.-ÁMBITO DO PREGO E PERFIL DO CONTRATANTE.

O presente prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán na contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante a Fundación CESGA), do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA, sito na Avda. de Vigo s/n (Campus Universitario Sur), en Santiago de Compostela.

Os dereitos e obrigacións das partes que se deriven, no seu caso, da referida contratación rexeranse en canto a súa aplicación e interpretación polo establecido nos presentes pregos, pola oferta do adxudicatario, polo clausulado do contrato que se formalice trala adxudicación, polas Instrucións internas de contratación aprobadas pola Fundación CESGA, así como polas disposicións contidas na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante a LCSP), no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante o RXLCAP), no que non contradiga á LCSP; na Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que teña participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, e na Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego. Asemade, estarase ao disposto nas normas reguladoras do Sector Eléctrico que resulten de aplicación, en particular a Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico e o Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

O adxudicatario acepta de forma expresa a submisión aos documentos e lexislación anteriormente citados. O contrato que resulte do procedemento de adxudicación se axustará ao contido dos presentes pregos de condicións, formando estes parte integrante do mesmo.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da Fundación CESGA, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, esta Fundación conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: <http://www.cesga.es/perfildocontratante>

2.-CONDICIÓN TÉCNICAS DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O EDIFICIO CESGA.

2.1.- Antecedentes: condicións xerais do subministro.

2.1.1.- Obxecto e necesidades a satisfacer.

O contrato ao que se refire o presente prego ten por obxecto a contratación do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA, sito na Avda. de Vigo s/n, en Santiago de Compostela.

O obxecto corresponde ao código 09310000-5 (subministro de electricidade) da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

A Fundación CESGA pretende obter a enerxía eléctrica máis económica contratando o subministro para o seu centro, dada a súa condición de “consumidor cualificado” para os mesmos a teor da Lei 54/1997, de 27 de novembro do Sector Eléctrico.

2.1.2.- Condicións técnicas do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA.

O contrato de subministro enerxía eléctrica realizarase a través dun Comercializador inscrito e autorizado polo Ministerio de Economía.

A Compañía Comercializadora adxudicataria do contrato, e previa autorización da Fundación CESGA, actuará en nome desta e realizará, no seu caso, as xestións relativas á modificación e cancelación de contratos de subministro de enerxía eléctrica, que ata a data da sinatura do novo contrato, puidera ter establecido a Fundación CESGA.

A empresa adxudicataria asumirá a representación da Fundación CESGA ante a Compañía Distribuidora realizando as xestións que sexan precisas para garantir que a calidade e a continuidade do subministro se manteña dentro dos límites fixados polo Real Decreto 1995/2000, de 1 de decembro, e pola Lei 54/1997 do Sector Eléctrico. A calidade do subministro virá referida aos seguintes aspectos:

Continuidade do subministro de enerxía eléctrica relativa ao número e duración de interrupcións.

Calidade do produto, relativa ás características da onda de tensión, as interrupcións cortas (menores de 3 segundos) e ocos de tensión.

Calidade na atención e relación co cliente relativa ao conxunto de actuacións de información, asesoramento, contratación, comunicación e reclamación.

Serán de aplicación á Fundación CESGA as bonificacións ou descontos que correspondan na aplicación da lexislación vixente, por incumprimento da calidade do subministro.

Todas as xestións a realizar coa compañía distribuidora correspondentes aos equipos de medida serán responsabilidade da empresa adxudicataria.

2.2.- Volume de contratación e características do punto de subministro.

A Fundación CESGA dispón de información histórica que se facilita no ANEXO IV e que pode ser usada como referencia para identificar o perfil de consumo. Os elementos principais cun consumo apreciable son ordenadores que están encendidos as 24 horas do día durante os 365 días do ano.

Na información histórica do ANEXO IV e preciso ter en conta que durante os primeiros meses do ano 2008, foi posto en marcha o novo superordenador Finis Terrae, o cual supuso un aumento no consumo eléctrico do Centro considerable. Sen embargo, durante estes primeiros meses, o consumo non chegou o seu máximo. A partir do mes de maio, a situación pode considerarse estable no que a consumo eléctrico refírese.

Actualmente a potencia contratada é en tarifa 6.1 de:

P1	P2	P3	P4	P5	P6
1000 kW	1000 kW	1000 kW	1000 kW	1000 kW	1050 kW

A situación e características do punto de subministro son as seguintes:

SITUACIÓN DO PUNTO DE SUBMINISTRO	
Dirección	Avda. de Vigo s/n
Localidade	Santiago de Compostela
Provincia	A Coruña
DATOS SUBMINISTRO ACTUAL	
Tensión	20 kV
Empresa distribuidora	Union Fenosa
Tarifa actual	6.1
Potencia contratada actual	1050 KW

Potencia máxima instalación	1500 KW
-----------------------------	---------

Os datos indicados neste punto non vinculan á Fundación CESGA a consumir a totalidade de KWh establecidos nos mesmos, utilizándose exclusivamente a efectos de cálculo do prezo de licitación ao que se refire a cláusula 5.1 dos presentes pregos.

2.3.- Estimación de consumo.

A estimación do consumo anual para o período de vixencia do contrato é de 6,6 GWH.

2.4.- Equipos de medida.

2.4.1.- Instalación, Mantemento e Verificación.

A instalación dos equipos de medida realizarase polo Distribuidor, ao seu cargo, sendo os equipos da súa propiedade.

O mantemento do equipo de medida, liñas e sistemas de comunicación de medidas correrá por conta do Comercializador, sen custo algún para a Fundación CESGA.

O Comercializador será o responsable do seu funcionamento e das reparacións que foran necesarias para o seu bo funcionamento.

O Comercializador pagará os gastos correspondentes a utilización da liña telefónica instalada para a telemedida.

O adxudicatario do subministro comprométese a realizar, sen custo adicional algún, as verificacións sistemáticas obrigatorias dos equipos de medida que determine o Operador do Sistema, de acordo co artigo 11 do Real Decreto 2018/1997, de 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Puntos de Medida dos Consumos e Tránsitos de Enerxía Eléctrica, modificado polo Real Decreto 385/2002, de 26 de abril.

2.4.2.- Lectura de consumo e Facturación.

O Comercializador realizará, sen cargo algún adicional, a lectura e validación dos rexistros horarios de consumo, e o seu envío ao Operador do Sistema Eléctrico, en cumprimento do previsto no Regulamento de Puntos de Medida.

Os datos para a facturación mensual obteranse de acordo cos datos acumulados no concentrador secundario do sistema de telemedida as 24 horas do último día do mes, de xeito que se eviten as lecturas visuais dos contadores.

O Comercializador será responsable de transmitir os datos ao Operador do Sistema, para a realización da facturación da enerxía.

Asemade o Comercializador facilitara á Fundación CESGA o acceso a ditas medidas, para o seu mellor coñecemento e xestión do consumo.

2.4.3.- Autocontrol e Inspección.

O Comercializador efectuará un rigoroso autocontrol sobre a calidade do subministro, resolverá as incidencias do servizo con prontitude, asegurando a súa calidade, e proporcionará á Fundación CESGA a relación de cortes de subministro habidos, de forma que sirva de base para calcular os parámetros de calidade do servizo.

3.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E MESA DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación é o Director - Xerente da Fundación CESGA de conformidade coas facultades estatutariamente previstas para o seu cargo.

O mencionado órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as facultades de interpretar, resolvelas dúbidas que ofrezca a súa execución, modificalo e acordala súa resolución con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación ante a xurisdición competente.

O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación estará formada por:

- Un Presidente, cargo que ostentará D. Javier García Tobío, na súa condición de Director Xerente do CESGA.
- Unha Secretaria, cargo que ostentará D. Rosa Fernández Acevedo, na súa condición de Técnico Superior de Administración do CESGA.
- Vogal 1, cargo que ostentará D. José Ignacio López Cabido, na súa condición de Subdirector Técnico do CESGA.

- Vogal 2. cargo que ostentará D. Carlos Fernández Sánchez, na súa condición de Administrador de Sistemas do CESGA.
- Vogal 3, cargo que ostentará D. Javier López Cacheiro, na súa condición de Técnico de Sistemas do CESGA.

No caso de ausencia de calquera dos seus membros, as persoas encargadas da súa designación nomearán a quen os deba substituír.

A Mesa poderá estar asistida polos técnicos e asesores que se consideren necesarios, os cales informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias, por requirimento da Mesa ou por propia iniciativa pero sen dereito a voto.

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán contratar coa Fundación CESGA as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 49.1 da LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 61 e 62 do LCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Asemade, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. En concreto, os licitadores deberán estar autorizados como comercializadores de enerxía eléctrica inscritos no Ministerio de Economía, no Rexistro oficial Administrativo de Comercializadores.

No caso de que durante a tramitación do procedemento e antes da adxudicación se producira a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederlle na súa posición no procedemento as sociedades absorbentes, as resultantes da fusión, as beneficiarias da escisión ou as adquirentes do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de

contratar e acredite a súa solvencia nas condicións esixidas nos presentes pregos de condicións para poder participar no procedemento de adxudicación.

Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica, a través dos medios de xustificación a que se refire a cláusula 8.2.1 dos presentes pregos.

Non poderá concorrer á licitación aquelas empresas que participaran na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente prego, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

5.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DE ADXUDICACIÓN. FORMA DE PAGO DO PREZO.

5.1.- Orzamento de licitación e prezo de adxudicación.

O prezo de referencia do contrato será o que resulte da oferta económica presentada pola empresa adxudicataria, aínda que o prezo final do contrato será o resultado de aplicar os prezos unitarios por kw/h ofertados polo adxudicatario ao consumo realmente producido.

O gasto está dotado con financiamento axustado e suficiente. Os presentes pregos consígnanse ás contas contables 628, 607 e 631 dos orzamentos da Fundación CESGA para o exercicios 2009 e 2010, condicionado o 2010 á dispoñibilidade de dotación orzamentaria.

O orzamento máximo estimado para a presente licitación ascende a SETECENTOS CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (755.000 €), cantidade na que estarán incluídos todos os elementos de custe da enerxía eléctrica no punto de subministro, os custos de equipamento por aluguer dos equipos necesarios para a realización da subministración, medida e tarificación da subministración, así como calquera tipo de imposto, taxa ou recargo que grave o subministro de electricidade, en particular o imposto especial sobre a electricidade e o Imposto sobre o Valor Engadido, o que implica que o prezo máximo unitario, incluído todo tipo de gasto e impostos de calquera tipo, estímase en ONCE CON TRES (11,3) CÉNTIMOS DE EURO por Kwh, impostos incluídos.

A todos os efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores teñen carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración, tributos, taxas e exacción de toda índole que se devenguen por razón do contrato,

incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, o cal repercutirase como partida independente, tal e como sinala o artigo 129.5 da LCSP.

Non existirá revisión de prezos na presente contratación. Sen prexuízo do anterior, a variación na tarifa de acceso regulada ou nas taxas, recargos ou impostos que gravan o subministro eléctrico que puidera aprobarse pola Administración competente a partir da data de sinatura do contrato, será trasladada aos prezos contratados, na medida que resulte de aplicación.

5.2.- Forma de pago do prezo de adxudicación.

A facturación da enerxía consumida realizarase mensualmente de acordo cos datos rexistrados nos equipos de medida instalados a tal fin.

A empresa adxudicataria emitirá mensualmente unha única factura correspondente ao 100 por 100 do consumo producido no mes natural, e a facturación será por mensualidades vencidas.

Os prezos ofertados multiplicados polos consumos rexistrados nos períodos de facturación correspondentes, constituirán o importe total da enerxía subministrada e facturada durante ese período.

As facturas emitidas deberán conter toda a información para a súa correcta interpretación e de forma explícita:

- Datos do subministro.
- Datos do contrato (tarifa, potencias contratadas, tensión).
- Período facturado.
- Termo de enerxía (consumos de enerxía activa e reactiva rexistrados no total do mes facturado, desglosado por períodos tarifarios).
- Máximas potencias demandadas rexistradas en cada un dos períodos tarifarios.
- Importe corresponde ao aluguer do equipo de medida.
- Importe correspondente ao I.V.E.

Xunto con cada factura, a empresa adxudicataria aportará todos os datos recollidos polo equipo de medida.

O pago das facturas efectuarase no prazo máximo de dous meses dende a data de emisión das mesmas. No caso de existir atraso ou mora no pago, o contratista deberá comunicar dita mora ou atraso á Fundación CESGA.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de duración do contrato será de un (1) ano, a contar dende a data de formalización do contrato. No contrato que se formalice trala adxudicación establecerase o prazo máximo para o comezo do subministro, o cal non poderá ser superior a un (1) mes dende a data de adxudicación definitiva do contrato.

7.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN.

O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto e harmonizado, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan a continuación, por ser os adecuados para avaliar o interese das ofertas que presenten os licitadores.

Os criterios que servirán de base para a adxudicación, de acordo co artigo 134 da LCSP, serán os seguintes:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Criterios avaliados automaticamente (prezo)	93
Prezo Kw/hora:	90
Prazo inicio do subministro:	3
Criterios NON avaliados automaticamente	7
TOTAL	100

*** Criterios avaliados automaticamente (prezo) valoraranse cunha puntuación máxima de 90 puntos:** O criterio de valoración relativo ao prezo Kw.hora valorarase cunha puntuación máxima de 90 puntos que se lle asignará á mellor oferta e un punto menos por cada centésima de céntimo de euro de diferenza ás restantes.

Aos efectos de valoración do criterio de prezo, considerarase anormal, de conformidade co disposto no artigo 136 da LCSP, toda proposición económica na que a súa baixa porcentual exceda dos parámetros establecidos no artigo 85 do RXLCAP, sen prexuízo da facultade do órgano de contratación de apreciar, non obstante, previos informes dos técnicos que estime oportunos e audiencia aos interesados, como susceptibles de normal cumprimento as respectivas proposicións.

O segundo e último criterio avaliable automaticamente, é a diminución do prazo de inicio do subministro, valorarase cunha puntuación máxima de 3 puntos, que se concederán a través da fórmula:

$$P=3*(1- \text{prazo ofertado en días/prazo requirido en días})$$

*** Criterios NON avaliados de forma automática: valorarásese cunha puntuación máxima de 7 puntos:**

Criterios NON avaliados automaticamente	PUNTUACIÓN
Auditorías enerxéticas, de instalacións de produción e consumo enerxético	3
Servizos técnicos: asesoramento e formación no mantemento das instalacións enerxéticas, especialmente o Centro de Transformación do CESGA	1
Asesoramento sobre axudas, subvencións ou actividades de promoción nos campos de aforro, eficiencia enerxética e enerxías renovables	2
Información sobre a curva de consumo de días tipo (laborais, festivos, etc.)	1
TOTAL	7

Os criterios indicados valorarase de forma comparativa en función das características e dos servizos ofertados polos empresarios admitidos á licitación.

Para a valoración destes criterios non avaliados de forma automática, o órgano de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos.

O contrato seralle adxudicado á empresa licitadora que obteña a maior puntuación na valoración da súa proposta, de acordo cos criterios de adxudicación especificados.

De conformidade co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, aquela empresa que teña implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, tivera obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), terá preferencia na adxudicación, sempre que a súa

proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

8.-PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E DOCUMENTOS A PRESENTAR.

8.1.- Presentación das propostas: lugar e prazo de presentación.

O prazo para a presentación das ofertas será o que se indique no anuncio de licitación.

As ofertas deberán ser presentadas en man nas oficinas da Fundación CESGA, sitas na Avenida de Vigo s/n, Campus Sur, 15706, na cidade de Santiago de Compostela (A Coruña), todos os días hábiles durante as horas de oficina (luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) ata a data de finalización do prazo de admisión de propostas.

Tamén poderán ser enviadas as propostas por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado, debendo o licitador xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante envío, no mesmo día, por fax ao número 981.59.46.16 da copia selada pola oficina de Correos do envío da proposta. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición. Non obstante, transcorridos dez días naturais dende a terminación do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

A presentación dunha proposta por parte do licitador, presume a aceptación incondicional do contido da totalidade das condicións contidas neste prego, sen excepción ou reserva algunha.

Cada licitador poderá presentar só unha proposición en relación co obxecto do contrato, sen que se poidan presentar variantes ou alternativas.

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

En todo caso, en canto ás propostas estarase ao disposto no artigo 129 da LCSP.

8.2.- Documentos a presentar.

Os licitadores deberán presentar as súas proposicións en tres sobres pechados (sobres A, B e C), identificados no seu exterior con indicación da licitación á que se concorra e o nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente. No interior de cada un dos sobres farase constar, en folia independente, a documentación que se inclúe no seu interior e que se especifica a continuación.

Toda a documentación a presentar polos licitadores terá que ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia. Así mesmo, os licitadores presentarán a súa documentación en galego ou castelán.

Ao abeiro do establecido na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e coa finalidade de fomentar o uso de galego nas actividades mercantís, as empresa licitadoras promoverán o uso do idioma galego en todas as relacións coa Fundación CESGA que se deriven do proceso de contratación.

Para os efectos do disposto no artigo 124 da LCSP, os licitadores poderán designar como confidencial a documentación que conteña información facilitada que consideren con tal carácter. A designación deberá realizarse mediante un carimbo, ou similar, co que se imprima a palabra “confidencial”, en cada unha das paxinas que conteña información deste tipo.

8.2.1.- Sobre A: Documentación Xeral.

Este sobre deberá ter o seguinte título: “Sobre A: Documentación Xeral para a contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, polo procedemento aberto, do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA”.

Neste sobre incluírase a seguinte documentación:

1. Solicitude de participación, conforme ao modelo que se xunta como Anexo I.
2. Documentación que acredite a personalidade xurídica do empresario e os datos do seu representante:

- Se é persoa física, copia do D.N.I. e N.I.F. ou, no seu caso, do pasaporte.
- Se é persoa xurídica, ademais da copia do C.I.F., escritura de constitución ou modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación aplicable; se non o fora, a acreditación realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.
- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar.

* A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresario estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

* Segundo o disposto no artigo 48 da LCSP, poderase contratar con unións de empresarios (U.T.E.) que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor. A duración de devandita unión será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Así mesmo, todos os empresarios da agrupación deberán acreditar a súa capacidade e solvencia, conforme se establece na presente cláusula, e estar ao corrente das obrigas coa Facenda Estatal e, no seu caso, coa Facenda Autónoma galega, e coa Seguridade Social, así como non incorrer en prohibición de contratar a que se refire o artigo 49.1 da LCSP. Ademais terán que indicalos nomes e circunstancias dos

empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa. As devanditas empresas quedarán obrigadas solidariamente ante a Fundación CESGA e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión.

* A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximiralle de achegar a documentación que sexa xustificativa da personalidade e da representación. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega da devandita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato ou por calquera outra causa xustificada.

O certificado do Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manfeste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación.

3. Certificación do Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados, acreditativa de estar inscrito con carácter definitivo como empresa comercializadora, alo menos, no ámbito xeográfico onde se vaia a executar o contrato.
4. Declaración responsable (segundo modelo que se achega como Anexo III), subscripta pola persoa que asine a proposición, comprensiva das circunstancias de contar con plena capacidade de obrar e de non estar incurso/a en prohibición de contratar, de conformidade co disposto no artigo 49.1 da LCSP. Ademais, comprenderá expresamente as seguintes circunstancias:
 - Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato ou atoparse nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

- Que nin a persoa física licitadora, nin os administradores ou representantes da persoa xurídica licitadora, están incursos en calquera das causas de incompatibilidade previstas na Lei 9/1996, de 18 de outubro, pola que se regula o réxime de incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda autonómica galega.
- Encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales requisitos deba presentarse, antes da adxudicación definitiva polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta.

5. Para as empresas estranxeiras, a declaración solemne de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.
6. Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, a cal poderase acreditar por un ou varios dos medios seguintes:
 - Declaracións apropiadas de entidades financeiras sobre a solvencia das empresas para executar o presente contrato; ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, considerase solvente o licitador que acredite telo subscrito cunha entidade aseguradora por un capital equivalente ou superior ao orzamento de licitación.
 - Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

Se, por unha razón xustificada, o empresario non está en condicións de presentar as referencias solicitadas, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que se considere apropiado polo órgano de contratación.

7. Documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional, a cal poderase acreditar por un ou varios dos seguintes medios:
 - Relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
 - Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.
 - Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

Ao marxe de acreditala súa solvencia técnica polos medios antes indicados, os licitadores deberá asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que deberá detallar na súa oferta e cuxa efectiva adscripción considerárase como unha obriga esencial do contratista aos efectos do previsto no artigo 206.g) da LCSP.

8. De ser o caso, a documentación xustificativa de ter implantado a entidade un plan de igualdade ou de ter obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, para os efectos do disposto no seu artigos 11 e 19, segundo o reflectido na cláusula 7 (criterios de adxudicación).

8.2.2.- Sobre B: Documentación relativa aos criterios NON avaliados de forma automática.

Deberá ter o seguinte título: “Sobre B: Documentación relativa aos criterios NON avaliados de forma automática, para a contratación pola Fundación

Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, polo procedemento aberto, do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA”.

Os licitadores incluírán neste sobre a documentación relacionada cos criterios NON avaliados de forma automática aos que se refire a cláusula 7 do presente prego, contendo todos os elementos que a integran, e en particular a descrición de cada un dos servizos que se oferten, o seu alcance e, no seu caso, a súa valoración económica.

No caso de que algún licitador non achegara a documentación relativa a algún dos criterios de valoración establecidos, ou a mesma non conteña todos os requisitos esixidos, a proposición do devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Fundación CESGA resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

8.2.3.- Sobre C: Documentación relativa ao criterio avaliado de forma automática.

Deberá ter o seguinte título: “Sobre C: Documentación relativa ao criterio avaliado de forma automática, para a contratación pola Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia, polo procedemento aberto, do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA”.

A oferta económica deberá estar redactada segundo o modelo que se achega como Anexo II do presente prego. A proposición económica irá debidamente asinada, formulada en número e letra. Figurará o importe total en Euros polo que o licitador propón a realización das prestacións obxecto de licitación. Para todos os efectos entenderase que o prezo da oferta económica non inclúe o I.V.E. debendo sinalarse independentemente o tipo impositivo aplicable, a base imponible, o importe do imposto e a suma da base imponible e o importe do imposto.

A proposición económica presentárase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borrachos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

No caso que corresponda deberá incluírse escrito de compromiso formal de diminución do prazo de inicio do subministro (con indicación do prazo computado en días, dende que se adxudique de forma definitiva o contrato).

9.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES.

Finalizado o prazo de presentación de propostas, constituirase a Mesa de contratación para o exame e cualificación da documentación xeral contida no sobre A das propostas presentadas en tempo e forma.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións emendábeis respecto da documentación xeral (sobre A), concederáse un prazo de 3 días hábiles para que o licitador os arranxe, previa comunicación aos interesados por Fax, baixo apercibimento de exclusión definitiva do licitador que no prazo concedido non emende os defectos sinalados pola Mesa. A documentación requirida deberá ser entregada en prazo nas oficinas da Fundación CESGA, sitas na Avenida de Vigo s/n, Campus Sur, 15706, na cidade de Santiago de Compostela (A Coruña).

A Mesa de Contratación, unha vez cualificada a documentación xeral (sobre A) e enmendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección, co pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas de rexeitamento.

A continuación, a Mesa de Contratación procederá á apertura da documentación relativa aos criterios NON avaliábeis de forma automática (Sobre B) dos licitadores admitidos, examinando a documentación contida nel, podendo solicitar cantos informes técnicos considere necesarios para avaliála.

A avaliación do contido do sobre B realizarase en todo caso antes da apertura do sobre C e da súa valoración, deixándose constancia diso, segundo se establece no artigo 134.2 in fine da LCSP.

Unha vez que a Mesa de contratación procedese á realización das anteriores actuacións, celebrárase o acto público de apertura da documentación relativa ao criterio avaliable de forma automática (Sobre C), no lugar, día e hora previamente sinalado e comunicado aos licitadores por Fax. Neste momento a Mesa xa non poderá facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de corrección ou de enmenda de defectos ou omisións.

No acto público, o Presidente da Mesa dará lectura das proposicións presentadas polos empresarios admitidos á licitación. Ao remate do acto, o Presidente invitará aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado, informándolles, en caso de producirse estas, da posibilidade de presentar reclamacións escritas ante o órgano de contratación, no prazo máximo de dous (2) días hábiles.

A continuación, darase por concluído o acto público de licitación, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia no acta da reunión da Mesa.

A Mesa de contratación, elevará ao órgano de contratación a súa proposta de adxudicación, debidamente razoada e que incluíra en todo caso a ponderación dos criterios de selección indicados na cláusula 7 do presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións, dos informes técnicos emitidos no seu caso, e das propostas dos licitadores.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do empresario proposto mentres non se lle adxudique definitivamente o contrato polo acordo do órgano de contratación.

10.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

10.1.- Adxudicación provisional.

Á vista da proposta da Mesa de contratación, o órgano de contratación ditará a adxudicación provisional do contrato no prazo máximo de DOUS (2) MESES a contar dende a apertura das proposicións. Transcorrido o indicado prazo sen terse ditado acordo sobre a adxudicación provisional, os licitadores poderán retirar as súas ofertas.

A adxudicación provisional que realice o órgano de contratación deberá acomodarse á proposta da Mesa de contratación, salvo que expresamente xustifíquense os motivos para apartarse de tal proposta, ou cando se presuma

fundadamente que a proposición non pode cumprirse como consecuencia de baixas desproporcionadas ou temerarias, sendo de aplicación o establecido nos artigos 85 e 86 do RXLCAP.

A adxudicación provisional deberá ditarse en todo caso, sempre que algunha das proposicións presentadas reúna os requisitos esixidos nos presentes pregos, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida apreciar o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas de conformidade co disposto no artigo 136 da LCSP. Non obstante, nos termos previstos no artigo 139 da LCSP, a Fundación CESGA, antes de ditar a adxudicación provisional, poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non enmendables, debendo de indemnizar aos licitadores, en ambos casos, dos gastos que a súa participación na licitación houbéselles efectivamente ocasionado.

A adxudicación provisional notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante. Contra a resolución de adxudicación provisional caberá interpor recurso especial ao que se refire o artigo 37 da LCSP.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de contratación comunicará a todo candidato ou licitador rexeitado que o solicite, no prazo de cinco días hábiles a partir da recepción da solicitude, os motivos de rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e as características da proposición do adxudicatario determinantes da adxudicación ao seu favor.

No escrito de comunicación da adxudicación provisional ao adxudicatario, o órgano de contratación requiriralle para a presentación, no suposto de que non os presentara no sobre A de Documentación Xeral, e no prazo de QUINCE (15) días hábiles dende a publicación no perfil do contratante da adxudicación provisional, os seguintes documentos:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obrigaçión de pago. O alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non haberse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación acreditativa de atoparse ao día non cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellaría de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ao día non cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Orixinal do aval constituído como garantía definitiva por importe do 5 por 100 orzamento base de licitación.
- Xustificante de ter formalizada unha póliza de seguro de responsabilidade civil, por un importe mínimo equivalente ao prezo do contrato, para responder dos danos persoais e materiais derivados da execución do contrato. A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.
- Xustificante de ter aboados os gastos derivados da publicación do anuncio de licitación.
- O adxudicatario provisional deberá achegar, así mesmo, os documentos que acrediten a efectiva disposición dos medios (persoais e materiais) que se comprometeu adscribir á execución do contrato.

10.2.- Adxudicación definitiva.

A adxudicación provisional elevarase a definitiva unha vez transcorridos quince (15) días hábiles contados dende o seguinte a publicación no perfil do contratante da adxudicación provisional, e sempre que o adxudicatario provisional presentara os documentos sinalados no punto anterior.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adxudicatario provisional por non cumprir este a súa obriga de presentalos documentos sinalados, antes de proceder a unha nova convocatoria, a Fundación CESGA poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador seguinte a aquel, pola orde en que quede clasificada a súa oferta, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade, nese caso concederase a este un prazo de dez (10) días hábiles para presentala documentación á que se refire a cláusula 10.1.

10.3.- Devolución da documentación.

A documentación que se xunta as proposicións quedará a disposición dos licitadores que non resulten adxudicatarios unha vez adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos.

10.4- Formalización do contrato.

A formalización do contrato efectuarase dentro do prazo de dez (10) días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva. Ao contrato uniráselle, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adxudicatario e un exemplar dos presente pregos de condicións debidamente asinados polo contratista.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal.

O contrato poderase formalizar en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Se por causa imputable ao adxudicatario non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Fundación CESGA poderá acordala resolución do mesmo, seguindo para ese efecto o procedemento establecido no artigo 109 do RXLCAP.

11.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

Serán por conta do adxudicatario os custos da formalización en escritura pública do contrato cando o seu outorgamento sexa solicitado polo contratista.

Son de conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación. Os citados gastos de publicación descontaranse no primeiro pago efectuado a favor do contratista, salvo que o mesmo acredite o ingreso do custo daqueles na conta bancaria da Fundación CESGA.

Tanto nas proposicións presentadas polos licitadores, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser soportado pola Fundación CESGA, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a correcta e completa execución do contrato.

12.- CONTROL E DIRECCIÓN DOS TRABALLOS: RESPONSABLE DO CONTRATO.

A Fundación nomeará a un Responsable do Contrato, con titulación adecuada e suficiente, directamente responsable da comprobación, coordinación e vixilancia da correcta realización das prestacións obxecto da presente licitación, e, no seu caso, propor a suspensión dos mesmos se existise causa suficientemente motivada. O nomeamento será comunicado ao contratista.

Pola súa banda, o adxudicatario nomeará a un Coordinador do Contrato, con titulación adecuada ao obxecto de contratación así como con capacidade suficiente para coordinar a execución do contrato, quen actuará como interlocutor perante ao Responsable de Contrato e a Fundación CESGA.

Estableceranse xuntanzas necesarias entre o Responsable do Contrato e o Coordinador dos traballos designado polo adxudicatario, xunto cos membros do seu equipo que estime oportunos, coa periodicidade que o Responsable do Contrato considere necesaria e nos lugares que este designe ao efecto. Nestas reunións realizarase o seguimento e supervisión da execución do contrato.

13.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

13.1.- Execución do contrato.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego, observando fielmente o establecido respecto das prescricións técnicas nel contidas e as melloras ofertadas polo adxudicatario e aceptadas polo órgano de contratación, así como ás instrucións que, no seu caso, déralle o responsable do contrato designado polo órgano de contratación ao que se refire a cláusula 12.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia

inmediata e directa dunha orde da Fundación CESGA será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis.

O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Fundación CESGA como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 281 da LCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire este parágrafo.

O contratista establecerá e manterá a súa costa, durante a execución dos traballos, os medios materiais e o equipo profesional comprometido. Esta obrigaón comporta a asunción polo contratista de tódalas obrigaóns sociais, laborais e económicas derivadas dos citados medios materiais e persoais precisos. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregador, sendo a Fundación CESGA de todo allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, incumbe especificamente ao contratista o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.

O contratista deberá gardar sigilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e cheguen ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.

O contratista será responsable de obter as cesións, permisos e autorizacións dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación que, no seu caso, resulten necesarias, correndo pola súa conta o abono das indemnizacións que puidesen corresponder por tales conceptos. Así mesmo, serán responsables de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar, no seu caso, á Fundación CESGA de todos os danos e prexuízos que para a mesma puidesen derivarse con motivo da interposición de reclamacións.

13.2.- Penalidades.

Se o contratista non comezara o subministro de enerxía eléctrica no prazo estipulado, por causas que lle sexan imputables, a Fundación CESGA poderá impoñer ao contratista unha penalidade diaria equivalente ao 1 por 100 do prezo de adxudicación por cada día hábil de atraso, penalidade que a

Fundación CESGA fará efectiva retraéndoa das facturas pendentes de pago ao contratista e, no caso de que a mesma superase en contía as cantidades pendentes de pagamento, a Fundación CESGA poderá facelas efectivas con cargo á garantía definitiva constituída.

As penalidades por incumprimento do prazo son compatibles e non exclúen as indemnizacións ás que poida ter dereito a Fundación CESGA polos danos e prexuízos ocasionados polos incumprimentos a que se refiren.

14.- CESIÓN DO CONTRATO.

O contratista non poderá ceder os dereitos e obrigas dimanantes do contrato con terceiros, debido a que na adxudicación interveñen factores determinantes, entre outros, a solvencia técnica, as condicións persoais e a capacidade material e funcional do contratista. A cesión, de producirse, será causa de resolución do contrato.

15.- SUBCONTRATACIÓN.

Na presente contratación non será posible a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal.

16.- RECEPCIÓN DO CONTRATO.

Unha vez rematado o prazo de vixencia do contrato e efectuados polo contratistas todos os subministros e servizos obxecto de contratación, o Responsable do Contrato, previo o seu exame e comprobación, emitirá un informe de valoración.

Se o devandito informe é favorable, procederase á recepción do contrato dentro do mes seguinte á finalización dos mesmos.

Se as prestacións desenvolvidas non reunisen as condicións necesarias para proceder a súa recepción, o Responsable do Contrato ditará, por escrito, ao contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigacións no prazo que para iso se fixe, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Fundación CESGA poderá rexeitala, quedando exenta da obrigación de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

17.- PRAZO DE GARANTÍA.

De acordo co artigo 205.3 da LCSP, e dado que a correcta execución das prestacións que constitúen o obxecto do contrato é constatable no mesmo momento da súa execución, non se establece prazo de garantía.

18.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución:

18.1.- Cumprimento.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do contrato e coa satisfacción da entidade contratante, a totalidade do seu obxecto, segundo o procedemento que se dispón na cláusula 16 do presente prego.

Concluída a vixencia do contrato, e cumpridas polo contratista as súas obrigas derivadas do contrato, este considerárase extinguido a todos os efectos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía definitiva.

18.2.- Resolución.

Serán causas de resolución do contrato as sinaladas nos artigos 206 e 275 da LCSP.

Para a resolución dos contratos, darase cumprimento aos requisitos establecidos no artigo 109 RGLCAP.

19.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDIÇÃO COMPETENTE.

A presente contratación se encontra suxeita a regulación harmonizada posto que se trata dun contrato de subministro dos previstos no artigo 15 da LCSP. Por conseguinte, en canto a súa preparación e adxudicación, a contratación rexeráse polos presentes pregos, polas normas de dereito administrativo ás que se fixo referencia na cláusula 1 do presente prego, en especial pola cláusula 23 das Instrucións internas de contratación e polo disposto no artigo 174 da LCSP, e, supletoriamente, polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción, o contrato rexerese polo dereito privado

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación do contrato. Pola súa banda, a orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

A competencia territorial respecto da orde xurisdiccional civil para o coñecemento e resolución das cuestións litixiosas que puideran xurdir, en relación coa presente contratación corresponderá aos Órganos Xurisdiccionais con sede na Comunidade Autónoma de Galicia e, en concreto, na cidade de Santiago de Compostela, polo que se entende que o adxudicatario renuncia ao seu propio foro no caso de que fora distinto do anterior.

En Santiago de Compostela, a 5 de maio de 2009.

**O Director-Xerente do Centro Tecnolóxico de Supercomputación de
Galicia -FUNDACIÓN CESGA-
Asdo.: D. Javier García Tobío**

ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

D/D^a. _____, con D.N.I. _____, (*en nome propio ou en representación dá empresa*) _____, con domicilio en _____ (teléfono de contacto _____; fax _____ e correo electrónico _____), e C.I.F. _____,

SOLICITO: Participar na licitación convocada pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), para a contratación, polo procedemento aberto, do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA, acompañando a esta solicitude a documentación indicada na cláusula 8.2 do prego de condicións que rexen a ditada contratación.

(Lugar, data e sinatura).

ANEXO II MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/D^a. _____, con D.N.I. _____, (*en nome propio ou en representación da empresa*) _____, con domicilio en _____ e con C.I.F. _____, decatado das condicións e requisitos que se esixen pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA), para a adxudicación, polo procedemento aberto, dun contrato de subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA, comprométese en _____ (*nome propio ou en representación de devandita empresa*) a tomar ao seu cargo a completa execución do mesmo con estrita suxeición á normativa vixente e ao prego de condicións aplicable, polo importe total de _____ EUROS (_____ €), co detalle e segundo o desglose que a continuación se expresa:

- Tipo impositivo aplicable por IVE: _____ por cento (___ %).
- Base imponible: _____ EUROS (_____ €).
- IVE: _____ EUROS (_____ €).
- IMPORTE TOTAL DA OFERTA: _____ EUROS (_____ €).

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

O prezo da enerxía eléctrica subministrada e _____ Céntimos de € /kwh, incluídos todos os conceptos especialmente o IVE.

A tarifa de acceso aplicada é a correspondente ao nivel de tensión do cliente e responde, no seu carácter de concepto regulado, aos termos vixentes na data de contratación. As variacións dos conceptos regulados que puidesen aprobarse pola Administración dentro do período de vixencia do presente contrato, serán trasladadas aos prezos contratados, na medida que lles resulten de aplicación.

(Lugar, data e firma)

ANEXO III MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a. _____, con D.N.I. _____, (en nome propio ou en representación) da empresa _____, con domicilio en _____ e C.I.F. _____,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que tanto a compañía mercantil á que representa como os administradores e representantes desta teñen plena capacidade de obrar, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/2007, de 30 de outubro pola que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 49.1 da citada lei, así como que ningún deles está incurso en calquera das causas de incompatibilidade previstas na Lei 9/1996, de 18 de outubro, pola que se regula o réxime de incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración.

Así mesmo declara que a compañía mercantil á que representa:

- Esta dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato ou se encontra nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Encóntrase ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Encóntrase ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda autonómica galega.
- Encóntrase ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Ademais declara:

- Que todos os datos que figuran na proposta e na documentación aportada son certos.
- Que, ao abeiro do establecido na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e coa finalidade de fomentar o uso de galego nas actividades mercantís, comprométome no nome e representación que ostento, a fomentar o emprego do idioma galego nas relacións coa Fundación que se deriven do proceso de contratación e, no caso de selo adjudicatario, nas relacións que se deriven da execución do contrato: Sí Non

E para que así conste e forneza os efectos oportunos, expido e asino a presente en _____, a ____ de ____ de 200__.

Asdo. _____

ANEXO IV INFORMACIÓN HISTÓRICA DE CONSUMOS

Historico Consumos Electricidad

periodo	desde	El formato de la fecha es dd/mm/aaaa <input type="text" value="13/02/2008"/>	hasta	El formato de la fecha es dd/mm/aaaa La Fecha inicio debe ir rellena y debe ser menor o igual que la Fecha fin. <input type="text" value="13/03/2009"/>
----------------	-------	---	-------	---

Desplegar Todos
Por Meses
Por Periodos

Mes	periodo	Energía activa (kWh)	Energía reactiva (kVArh)	Potencia demandada (kW)
02-2008	P1	490.379	20.531,61	812
	P2	0	35.439,29	812
	P3	0	0	0
	P4	0	0	0
	P5	0	0	0
	P6	0	0	800
03-2008	P1	517.936	0	0
	P2	0	0	0
	P3	0	22.439,26	788
	P4	0	37.248,49	772
	P5	0	0	0
	P6	0	0	756
04-2008	P1	526.326	0	0
	P2	0	0	0
	P3	0	0	0
	P4	0	0	0
	P5	0	70.118,52	892
	P6	0	0	872
05-2008	P1	556.810	0	0
	P2	0	0	0

Mes	periodo	Energía activa (kWh)	Energía reactiva (kVArh)	Potencia demandada (kW)
	P3	0	0	0
	P4	0	0	0
	P5	0	63.253,03	852
	P6	0	0	800
06-2008	P1	568.883	17.981,81	912
	P2	0	18.276,55	904
	P3	0	12.406,53	900
	P4	0	21.050,72	936
	P5	0	0	0
	P6	0	0	904
07-2008	P1	554.004	34.155,71	1.000
	P2	0	35.740,29	948
	P3	0	0	0
	P4	0	0	0
	P5	0	0	0
	P6	0	0	884
08-2008	P1	561.724	0	0
	P2	0	0	0
	P3	0	0	0
	P4	0	0	0
	P5	0	0	0
	P6	0	0	980
09-2008	P1	538.085	0	0
	P2	0	0	0
	P3	0	24.703,87	916
	P4	0	42.217,74	908
	P5	0	0	0
	P6	0	0	904
10-2008	P1	549.371	0	0
	P2	0	0	0
	P3	0	0	0
	P4	0	0	0
	P5	0	64.640,88	816
	P6	0	0	792
11-2008	P1	541.000	0	0

Mes	periodo	Energía activa (kWh)	Energía reactiva (kVArh)	Potencia demandada (kW)
	P2	0	0	0
	P3	0	23.139,44	848
	P4	0	37.959,92	832
	P5	0	0	0
	P6	0	0	800
	12-2008	P1	550.896	24.129,77
P2		0	40.981,02	812
P3		0	0	0
P4		0	0	0
P5		0	0	0
P6		0	0	808
01-2009	P1	517.110	22.423,23	776
	P2	0	38.005,61	788
	P3	0	0	0
	P4	0	0	0
	P5	0	0	0
	P6	0	0	920
02-2009	P1	463.353	21.443,6	740
	P2	0	37.176,19	744
	P3	0	0	0
	P4	0	0	0
	P5	0	0	0
	P6	0	0	724
TOTAL:		6.935.877	765.463,08	1.000